

vida, que é, segundo sinalar a profesora Mar del Pozo, “una mediación entre la historia individual y la social”.

O texto tamén nos permite achegarnos á ‘visibilidade’ da vida de grupo dos equipos docentes dos que se fala, tanto no día a día, como en situacóns específicas, como foron as das viaxes de estudos a Europa (Heidelberg, Ginebra). Historia cotidiana e tamén exilio interior. A vida escolar nun colexio de elite e católico como el Colexio Británico.

A autora realiza un adecuado exercicio historiográfico, no que se poñen a prueba a microhistoria, a historia cultural, a superación da historia estrutural e a calidade narrativa.

Antón COSTA RICO
USC

CAMBI, F. & TREBISACCE, G. (eds.)
(2012), *150 anni dell’Italia unita. Per un bilancio pedagógico* (I). Pisa: Edizioni ETS, 390 pp. ISBN: 978-884673462-4.

En diversos contextos, particularmente europeos e americanos, existen sólidas sociedades académicas e/ou grupos de investigación arredor da historia da educación como empresa de investigación e de construcción do coñecemento. Este é o caso de Italia, onde se dispón de varios equipos de investigación moi relevantes, tal é como o caso do CIRSE (*Centro Italiano per la Ricerca Stórico-Educativa*) situado na Universidade de Firenze, que representa probablemente a máis ampla confuencia da comunidade histórico-pedagóxica italiana. A través das súas iniciativas celébranse diversos encontros científicos e promove a publicación NBC (*Nuovo Bollettino CIRSE*, instrumento

necesario para o seguemento da H^a da Educación en Italia.

Así, entre as numerosas iniciativas organizativas desenvolvidas con ocasión da conmemoración dos 150 anos da unificación italiana, hubo espazo para a revisión crítica da historia escolar, mediante unhas Xornadas de traballo celebradas na Universidade de Calabria. Memoria e escola, acción política escolar, construcción nacional, libros de texto, docentes e republicanismo cívico, compromisos e conflitos...; dase conta de todo isto neste considerable *bilancio* desenvolvido en clave pedagóxica, onde también se trazaron liñas e horizontes de investigación tendentes a profundizar “o sentido identitario da comunidade nacional”, dun modo contraditorio con aqueles sectores e forzas reactivas que se manteñen o que se reactualizaron no actual panorama socio-político italiano.

Senza memoria non c’è futuro escribe Michele Corsi, a quen acompañan na sección de Presentación os textos de Bruno Bellerate, Remo Fornaca e de Giacomo Cives. Mais de 20 textos constitúen a presente edición, anotando entre eles e na súa primeira parte, os de Franco Cambi (Educación e pedagogía ao longo de 150 anos: cuestións de método e de estrutura), Hervé Caballera (A fundamentación da conciencia nacional no positivismo e no neoidealismo italiano), Carmen Betti (a educación cívica nos programas escolares), Dario Ragazzini (a ley Casati-Mamiani), Gabriela Armenise (a formación da idea de nación), Silvano Calvetto (pedagogía civil e Resistencia), Paola dal Toso (asociacionismo xuvenil e construcción da Unidad). Nun segundo apartado (Unha ollada desde el *Mezzogiorno*) realízanse achegas por parte de Giuseppe Trebisacce

(a escola do *Mezzogiorno* como lugar da “instrucción educativa”), Antonia Criscenti, Brunella Serpe, De Pacce, Nicola Trebisacce, Vittoria Bosna, F. Stizzo, T. Russo e N. de Scisciolo. Por fin, na terceira parte, preséntanse achegas ao papel da arte do rexurdimento e da literatura infantil co trasfondo da Unificación de Italia.

O presente volumen é o número 155 da prestixiosa colección *Scienze dell'educazione* que dirixen Leonardo Trisciuzzi e Simoneta Olivieri, na que podemos localizar, entre outros, os seguintes textos relacionados directamente coa historia da educación:

. Cambi, F.&Cives, G.: *Il bambino e la lettura. Testi Scolastici e libri per l'infanzia*, 1996.

. Di Bello, G. & Meringolo, P.: *Il rifiuto della maternità. L'infanticidio in Italia dall'Ottocento ai giorni nostri*, 1997.

. Bellatalla, L.: *John Dewey e la cultura italiana nel Novecento*, 1999.

. Cives, G.: *Maria Montessori. Pedagogista complessa*, 2001.

. Oliviero, S.: *L'editoria scolastica nel progetto egemonico dei neoidealisti*, 2007.

. Santoni Rugiu, A.: *Don Milani. Una lezione di utopia*, 2007.

. Pironi,T.: *Femminismo ed educazione in età giolittiana. Confitti e sfide della modernità*, 2010.

. Santoni Rugiu, A.: *Piccolo dizionario per la storia sociale dell'educazione*, 2010.

. D'Aprile, G.: *Adolphe Ferrière e 'les oubliés' della Scuola attiva in Italia*, 2010.

Quero cerrar esta nota informativa cunha mención ao *Nuovo Bollettino*

Cirse, que dedicou o seu nº 2 de 2012 a una considerable revisión de textos *rousseaunianos*, ademais de darnos conta igualmente da morte do historiador Mario Alighiero Manacorda, unha excepcional referencia, que se une na súa desaparición á pouco anterior de 2011 de Antonio Santoni Rugiu.

Antón COSTA RICO
USC

VARELA FERNÁNDEZ, Julia e GORDO LÓPEZ, Ángel Juan. *PAPERS, Revista de Sociología* 98/4, “Mujeres y cambio social”. Universitat Autònoma de Barcelona, 2013.

No século XX prodúcese en Europa o retorno das mulleres ás universidades e aos estudos de onde foran expulsadas polas ordes mendicantes, pero, que ocorre no século XX cos seus saberes e prácticas? Cales son os seus modos de subxectivación? Como se implican nas profesións e na historia social e política? Como perciben o seu propio mundo persoal e a súa propia vida? Que retos presentan ás distintas formas de dominación masculina durante este período? Que novos espazos e dificultades atopan?.

Estes e outros interrogantes son tratados no monográfico coordinado por Julia Varela e Ángel J. Gordo a partir de traballos que, formando parte dun estudo máis amplio dirixido pola propia Julia Varela¹, obxectivan o peso das institucións sociais

¹ Mujeres, cambio social y modos de subjetivación: Análisis sociológico de historias de vida de mujeres en la España contemporánea, Ministerio de Educación y Ciencia, I+D, convocatoria 2004-2007 (Ref. SEJ2006-04140).